



# COSTA DE MUGARDOS

Adela Leiro, Mon Daporta  
marzo 2019



**Distancia:** 12 km (lineal) + camiñadas  
**Dificultade:** baixa



- 1-Praia e Punta dos Castros
- 2-O Seixo
- 3-Enseada e praia da Barca
- 4-Punta Promontorio
- 5-Enseada de Santa Lucía
- 6-Punta Leiras
- 7-MUGARDOS
- 8-Puntas do Rato e do Peteiro
- 9-Praia de Bestarruza
- 10-Enseada do Baño
- 11-Punta Redonda
- 12-Faro
- 13-Castelo da Palma
- 14-Enseada de Nande

O litoral de Mugardos atópase case todo na beira sur da área interior, protexida, da ría de Ferrol. Está formado por tramos de paredes de pouca altura nas que sobresaen varias puntas, pequenos seos e varios esteiros de regos que teñen case todo o seu curso no propio concello; as praias, polo pouco desnivel e a falta de ríos ou ondada que aporten material para a súa formación, son escasas e de pouco interese a non ser a da Bestarruza, rexenerada con achegas artificiais.



## RÍA DE FERROL

Está limitada polo cabo Poriño no norte e a punta da Coitelada no sur. Acada 17 km de lonxitude e 2 km de largor medio. É unha ría con dúas partes ben definidas: unha canle de entrada estreita coas beiras escarpadas e un interior amplo con varias enseadas. Na parte interior ten unha grande acumulación de sedimentos lamacentos. O río principal é o Grande de Xubia. As rochas dominantes son granitos na zona da boca e xistos no interior. É unha ría dunha grande riqueza biolóxica que está densamente poboada e con grande actividade industrial.

Ría de Ferrol desde o miradoiro da Bailadora.  
No primeiro plano á dereita o concello de Mugardos.



## PERCORRIDO

Pódese percorrer comezando no límite con Fene baixando á **Praia de Maniños**, compartida polos dous concellos. Desde alí, subindo, podemos coller o primeiro desvío á dereita que transcorre por una estradaña interior ou ir un pouco máis arriba á estrada principal, para achegarnos ao **Seixo**. No Seixo podemos ver, desde a rampla, a costa ata a **punta dos Castros**, a **enseada da Barca** e a **punta Promontorio**, ocupada pola planta de regasificación, o pequeno **porto** e o **esteiro do río Bea**. De volta na estrada principal pasamos polo fondo da **enseada da Barca**, ao pé desembocadura do **río da Barca** e da **praia**, logo por diante da planta do gas e un pouco máis alá desvíamonos á dereita para ir á igrexa de **Meá** que se atopa ao pé do mar e ten diante un espazo que serve de miradoiro sobre a **enseada de Santa Lucía**, e moi preto unha baixada á beira desde a que a vista pode percorrer a costa entre a planta do gas e a **punta Leiras**. De ahí volvemos á estrada principal e seguimos pola travesía da vila ata atopar os indicadores do porto, ao que baixamos e onde aparcamos, para camiñar polo paseo que percorre a beira, ver o **porto**, a boca da ría, a **enseada do Baño** e achegarnos á **Praia da Bestarruza**. Cando saímos do porto collemos a primeira estrada á dereita (neste sentido da circulación non ten sinais) en dirección ao **Castelo da Palma** que vai rodeando a enseada do Baño e ten un sitio para parar ao pé da desembocadura do **rego do Baño** e do pequeno **porto**, logo a estrada sube, para pasar por enriba da Redonda, e ten un par de puntos panorámicos sobre a enseada, a praia da Bestarruza e a vila de Mugarodos. Unha vez que dobramos a **punta Redonda** temos á dereita o camiño (peonil) que baixa á **baliza da Palma** e inmediatamente despois o **castelo**. Aquí non hai sitio para deixar o vehículo así que temos que seguir ata despois de pasar o castelo para aparcar á beira da estrada desde onde temos diante a boca da ría e na parte esquerda a **enseada de Nande** entre o castelo e a punta de San Martiño xa en Ares. Antes de chegar á Redonda hai un desvío á esquerda que en pouco máis de 2 km nos leva ao mosteiro de Santa Catalina do Faro e ao **miradoiro da Bailadora** desde onde podemos gozar de unhas espectaculares panorámicas da ría de Ferrol.



1-Praia e Punta dos Castros





2-O Seixo



Esteiro do rio Bea



3-Enseada e praia da Barca






Praia da Barca



4-Punta Promontorio e regasificadora



5-Enseada de Santa Lucía desde Meá



6-Punta Leiras





A boca da ría desde a punta Leiras



7-MUGARDOS



Praia e porto de Mugardos



8-Punta do Peteiro





9-Praia de Bestarruza



10-Enseada do Baño



O Esteiro



A Redonda de Abaixo





A Redonda de Abaixo



11-Punta Redonda



Punta Redonda



12-Faro



Canle de entrada da ría de Ferrol, de 3 km de lonxitude e 500 m de largor, flanqueada por rochas graníticas. O acceso á parte interior da ría estaba protexido polos castelos de San Felipe en Ferrol e A Palma en Mugardos.



13-Castelo da Palma





14-Enseada de Nande



Garzota grande na  
ribeira de Mugar dos



Garzas da enseada da Barca